

O vento perdeu as follas  
d'o seu cartafol  
-esas que os chuvascos  
mecnógrafos  
tecolean n-o manual d'os mastros?  
As gavotas non teñen quitasol  
pero fan raudos equilibrios  
po-lo aramio transparente  
de total-as ortodrómicas d'o ceo  
O pailebote sin velas  
-Serán esas que o vento  
levou n-o seu cartafol?  
Tamén fai equilibrios n-o ronsel  
C'a boca aberta  
-cai-lle a baba-  
está mirándo-nos o babión d'o Sol.

O cartafol do vento, De catro a catro. Manuel Antonio.

## Esquema de comentario para o poema "O cartafol do vento"

### 1. Análise intratextual

#### Nivel lingüístico:

- v. 1: comeza coa primeira palabra toda en maiúsculas.
- vs. 3 e 11: falta o comezo da interrogación.
- v.6: aparece o hiperenxebrismo "gavotas".
- v. 10: castelanismo "sin".
- utiliza guións e apóstrofos para sinalar as contraccións de prep. + artigo e os pronomes enclíticos.

#### Nivel formal:

- Presenta unha estrutura secuencial. Non hai estrofas, só unha sucesión de imaxes.
- Non hai rima. Os versos están rotos e aparentemente descolocados (técnica cubista).
- A suma das imaxes produce a imaxe de conxunto.

#### Nivel semántico:

- Todo o poema está organizado arredor dun núcleo, o *vento*, que rexe dous verbos: *perdeu* e *levou*.
- Ausencia de vento > monotonía.
- Hai unha simetría centrada no vento que relaciona as gaivotas e o barco co equilibrio que fan (elas no aire, el no ronsel) e recalca o sentido de monotonía, de estatismo.
- Símbolos: o barco, o mastro, o ronsel, o vento, a navegación, as velas, o sol.
- Tema:
  - a) a monotonía do momento provocada pola ausencia de vento, nada se move (interpretación externa)
  - b) a falta de vento > falta de movemento, de vida > morte (interpretación simbólica e existencial)
- o humor: é a única maneira de romper a situación, de enfrontarse a ela; o sol é algo inútil (un aparvado que babea, que mirará?). Tamén hai humor na imaxe das gaivotas sen quitasol (v. 6).
- Tempos verbais en perfecto: resaltan o tempo pasado e, por oposición, a ausencia de futuro.
- Tempos verbais en presente: recalcan a momentaneidade, a ausencia de movemento, o estatismo.

### 2. Análise extratextual. Relación do texto coa época.

#### - trazos persoais:

- relación entre os poemas.
- certo sentimentalismo na relación do 'eu lírico' coa paisaxe.

#### - trazos vangardistas:

- utiliza as imaxes para crear unha paisaxe nova.
- estrutura en secuencias que rompe a narración.
- ruptura dos versos.

#### - valoración global da obra do autor na literatura galega:

- rompe coa tradición
- relación coa vangarda (cubismo-creacionismo, futurismo)
- orixinalidade da súa obra (individualismo)
- busca a universalidade a partir do galego
- (...)